



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANICEIRA

EXPEDIENTE SUBTEL: 2021000029440

ASUNTO: INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA FINANCEIRA SOBRE AS CONTAS ANUAIS DO 2020 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

DESTINATARIOS:

PRESIDENCIA E PLENO DO CONSORCIO.

PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.

TRIBUNAL DE CUENTAS.

I. INTRODUCCIÓN.¹

O órgano interventor da Deputación Provincial, no exercicio das competencias que lle confiren os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e dándolle cumprimento ao disposto no artigo 29.3. A), apartado d), do Regulamento de réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o sector público local (RD 424/2017, do 28 de abril), na execución do Plan de control interno 2020-2021, levou a cabo a auditoría das Contas anuais do **CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA (V15859481) correspondentes ao exercicio 2020**, que comprenden o Balance de Situación a 31 de decembro de 2020, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios do patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo, a Memoria e, asemade, a Liquidación do Orzamento do Exercicio 2020.

¹ Na presentación e orde de contidos deste informe tomamos en consideración a totalidade das NIA-ES SP aprobadas pola Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019, seguindo a estrutura fixada pola Nota técnica 1/2020 da Oficina Nacional de Auditoría da IGAE. Asemade, no tocante á redacción, procurouse realizar en cada apartado unha exposición clara, obxectiva, ponderada e sistemática, tendo en conta a importancia cuantitativa e cualitativa da mesma, de conformidade coa Resolución da IGAE de 30 de xullo de 2015 de recomendacións para o exercicio da auditoría pública.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

II. OPINIÓN MODIFICADA.²

Na nosa opinión, **debido ao efecto moi significativo das cuestións descritas na sección de Fundamento de OPINIÓN DESFAVORÁBEL do**

² Na emisión da opinión e no seu fundamento seguimos a NIA-ES-SP 1705 R. De acordo co párrafo 30 de dita NIA-ES-SP e Nota explicativa A27, a medida que ían avanzando os traballos de auditoría, foronse comunicando aos responsables da entidade as circunstancias que xa preveían unha opinión modificada. En concreto, foron debidamente notificadas as seguintes dilixencias:

- Dilixencia nº 2, sobre o inmovilizado (25/06/2020), advertíndose das graves deficiencias atopadas e anticipándose unha opinión desfavorable, con proposta de modificación das contas.
- Dilixencia nº 3, sobre saldos debedores por operación de xestión (23/06/2021), advertíndose das diferenzas atopadas entre o saldo contable e o importe das liquidacións en xestión de cobro segundo o aplicativo GTT.
- Dilixencia nº 4, sobre a Liquidación do orzamento e o remanente de tesourería (30/06/2021).
- Dilixencia nº 5, sobre saldo de conceptos non orzamentarios, advertíndose das diferenzas atopadas e mesmo da necesidade de incoar un procedemento de reintegro sobre un anticipo de caixa fixa, pois o saldo inxustificado podería xerar un suposto de responsabilidade contable (30/06/2021).
- Dilixencia nº 6, sobre memoria de custos e memoria demostrativa do cumprimento de obxectivos (01/07/2021).

Ningunha destas dilixencias foi contestada, non recibíndose aclaración ningunha. Xa que logo, con data 2 de xullo foi emitido o **informe provisional de auditoría**, sendo notificado á entidade o mesmo día, concedéndose un prazo de 15 días para o efecto de alegacións. Simultaneamente, achegouse **solicitude de Carta de manifestacións (NIA-ES-SP 1580)**, que non foi debidamente asinada polo titular da Presidencia nin devolta a este órgano interventor, tal como foi expresamente requirido para o efecto.

Con data de 14 de xullo recibíuse escrito de solicitude de ampliación de prazo de alegacións, que foi contestado inmediatamente, concedéndose unha ampliación de oito días hábiles.

De novo con data de 4 de agosto, día no que expiraba o prazo de oito días hábiles adicionais, foi solicitada unha nova ampliación de prazo. A vista da mesma, por mor das circunstancias expostas, foi concedido unha ampliación extraordinaria, fixándose o termo da mesma o día 31 de agosto de 2021. Nesa data, foi presentado **escrito de alegacións** asinado polo titular da Presidencia, que se incorpora ao expediente, mais non desvirtúa o carácter de opinión modificada desfavorábel que se anuncia neste apartado, posto que non afecta á evidencia xa obtida das eivas apreciadas, llimitándose só a explicar as vicisitudes ou circunstancias que as teñen provocado, sen que conste a reformulación das contas anuais malia a admitir a súa incorrección.

Xa que logo, **manténdose a mesma opinión desfavorábel anunciada no informe provisional emitido**, a contestación ás alegacións será realizada mediante esta sistemática de introducir notas a pé de páxina, pois enténdese que así se fai máis comprensiva a lectura que coa inclusión cunha nota aclaratoria final, ao par que se respecta o principio contradictorio ao que se ten sometido a opinión.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

noso informe, as contas anuais achegadas non expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade a 31 de decembro de 2020, así coma os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se recolle na Nota 2 da Memoria) e, en particular, cos principios e criterios contábeis e orzamentarios contidos no mesmo.

III. FUNDAMENTO DA OPINIÓN DESFAVORÁBEL.

Tal como se adiantou no epígrafe anterior, emítese unha opinión modificada e adversa polas seguintes razóns que se teñen atopado e que –para unha mellor comprensión e análise– se van numerando en sub-epígrafes separados, xerando algunhas un incumprimento de principios contables e tendo outras o carácter de limitación ao alcance na execución do noso traballo, tal como se vai a expor en cada caso.

- 1. As cifras que figuran no Activo non corrente e no Patrimonio neto non se corresponden coas resultantes do inventario elaborado. A falla de dotación de amortizacións do Inmobilizado.**

A entidade dispón dun inventario de bens de dereitos, que foi elaborado no ano 2018 por unha empresa contratada pola Deputación e recibido de conformidade o 3 de xullo de 2018. Sobre dito documento, o xerente emitiu unha proposta para a súa aprobación, que foi presentada perante o Pleno na sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2020³, sendo aprobado dito inventario co carácter de borrador inicial.

³ A acta correspondente a esta sesión non se atopou no aplicativo TEdC. Foi requirida expresamente á entidade, pero dito requirimento non foi contestado. Posteriormente á emisión do informe provisional, dentro do prazo extraordinario concedido para a presentación das alegacións, foi remitida con data de



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Analizado dito documento nesta auditoría, no mesmo recóllese en epígrafes separados cada grupo de bens que compoñen o inmovilizado material da entidade, estando asemade calculadas as correspondentes amortizacións, quedando detallado o valor neto contable de cada un deles.

Realizada unha comparanza entre os valores que figuran rexistrados en cada unha das contas do Activo non corrente da contabilidade e os que resultan do inventario aprobado inicialmente como borrador, téñense detectado as seguintes diferenzas:

CONTA	SALDO EN CONTABILIDADE	VALOR NETO CONTABLE EN INVENTARIO	DIFERENZA
2100. Terreos	3.479,55	2.281.331,61	+ 2.277.852,06
2110. Construcións	6.161.407,64	3.964.837,77	- 2.196.569,87
2140. Maquinaria	450.811,08	1.243,85	- 449.567,23
2141. Utilaxe	2.614.956,35	7.547,13	- 2.807.409,22
2150. Instalacións técnicas	7.993,27	1.040,08	- 6.953,19
2160. Mobiliario	444.462,51	18.564,82	- 425.897,69
2170. Equipos procesos inf.	89.908,76	5.910,70	- 83.998,06
2180. Elementos de transporte	8.053.106,89	1.251.753,84	- 6.801.353,05
2190 Outro inmovilizado material	8.600,36	1.333,54	- 7.266,82
TOTAL:	17.834.726,41	7.533.563,34	10.301.163,07

Xa que logo, a xuízo deste auditor, o Balance de situación que se achega non reflicte a imaxe fiel do patrimonio, afectando as diferenzas atopadas non só as contas do Activo non corrente, senón que as mesmas afectan de xeito significativo a cifra do Patrimonio neto da entidade, que debería reducirse no importe resultante de ditas diferenzas.

25 de agosto de 2021, sendo incorporada ao expediente. Segundo consta no punto 6º de dita acta, o inventario foi aprobado como borrador inicial, solicitándose á Deputación a súa colaboración para a actualización do mesmo, ao manifestar verbalmente o xerente o se trata dun documento incompleto, malia que por escrito estaba informado favorablemente e recibido de conformidade xa con data de 3 de xullo de 2018.

A aprobación do referido inventario, aínda que co carácter de borrador inicial, debería ter producido os correspondentes axustes contables do inmovilizado material, pola aplicación do disposto no punto 1º do Marco conceptual da contabilidade pública (Parte primeira do Plan xeral de contabilidade pública), onde na explicación do Principio de Imaxe fiel do Patrimonio e para a súa efectividade, textualmente se dispón: **“A tal efecto, en la contabilización de las operaciones, se atenderá a su realidad económica y no s sólo a su forma jurídica”**



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

Por outra banda, a falla de dotación do gasto anual por amortización desvirtúa asemade á **Conta do resultado económico-patrimonial**, non figurando ningún importe no epígrafe 12. Tampouco se rexistran nin se imputan a resultados as posibles perdas por deterioro que deberían contabilizarse nas contas do subgrupo 69 (epígrafe 13). A este efecto hai que considerar que tanto os vehículos coma o equipamento e demais material inventariado está sometido a un uso moi intenso, polas propias condicións de prestación do servizo, polo que as perdas poden resultar habituais ou producidas con frecuencia.

Incúmprese, xa que logo, o principio de imaxe fiel do patrimonio que encabeza o Marco conceptual da contabilidade pública (Primeira Parte do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración Local⁴), así coma o disposto no apartado 7 da Segunda parte (Normas de recoñecemento e valoración) do Plan xeral de contabilidade adaptado á Administración local, e o establecido no apartado 1.6º.2 da Terceira parte do Plan, no tocante aos importes que deben figurar no activo do balance⁵.

2. O saldo de debedores por operacións de xestión, exercicios pechados, rexistra un importe superior aos valores en xestión recadatoria pendentes de cobro.

As comprobacións realizadas sobre os debedores pendentes de cobro de exercicios pechados, puxeron de manifesto as seguintes eivas na información contable que figura agrupada no apartado B (Activo corrente) do Epígrafe III (Debedores e outras contas a cobrar), no que atinxe aos debedores pendentes de cobro de exercicios pechados:

⁴ Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro. BOE número 237, de 3 de outubro de 2013, páxina 80.364

⁵ As circunstancias que se expoñen na Alegación número 1,. Respecto das contas “2100 Terreos”, “2110 Construcións” e “2180 Elementos de transporte”, mais que desvirtuar as evidencias obtidas na auditoría, afondan na conclusión de que na formulación das contas auditadas estase a incumprir o Principio de imaxe fiel do patrimonio.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

- A conta divisionaria 431.03 (debedores pendentes de cobro de exercicios pechados, cobro por recibo) non debería ser utilizada pola entidade auditada, xa que non xestiona valores por recibo, senón liquidacións de contraído previo e ingreso directo. O saldo debedor que figura nesa conta, por importe de 45.833,30 euros⁶, ou non existe ou debería integrarse na divisionaria 431.00.
- O saldo pendente de cobro por importe de 9.999,95 euros⁷, integrado na conta divisionaria 431.00 e que figura rexistrado na aplicación orzamentaria 2018.45001 (Transferencias correntes da Comunidade autónoma) posiblemente derive dun erro de contabilización, xa que non se atopou documento ningún que o xustifique.
- Apareciouse unha diferenza de 118.981,94 euros⁸ entre o saldo contable de dereitos pendentes de cobro pola taxa de prestación de servizos (suconcepto 319.00) e o saldo real que suman os valores pendentes de cobro que está a xestionar o Servizo de recadación da Deputación.

As eivas postas de manifesto anteriormente, ao superar a cifra de materialidade corrixida que se determinou no documento de planificación deste traballo, afectan significativamente á magnitude de Activo corrente que figura no Balance de Situación, debendo corrixirse á baixa polos importes expresados.

⁶ O uso indebido desta conta divisionaria é confirmado na Alegación número 2, o que corrobora a improcedencia desta saldo, que por si mesmo xa supera o importe da cifra de materialidade corrixida calculada no documento de planificación desta auditoría.

⁷ Tamén se confirma na Alegación nº 2 a improcedencia desta saldo pendente de cobro.

⁸ Con respecto á incerteza deste saldo, na Alegación 2ª alúdese a determinados saldos que no foron remitidos ao Servizo de Recadación para o seu cobro por vía executiva e que, presumiblemente, na data de formación das contas auditadas xa estarían prescritos en parte –no caso de que non se teñan feito notificacións ou requirimentos que teñan producido efectos interruptivos-, feito que podería dar lugar á esixencia de responsabilidade contable. Asemade, afóndase na incerteza dos saldos pendentes de cobro e na falla de control das liquidación ao admitirse diferenzas que precisan dunha análise máis exhaustiva. Non se achega ningunha certificación de relación de debedores ou calquera outro documento acreditativo da existencia de ditos saldos.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

3. O importe dos dereitos recoñecidos no concepto 31900 do Estado de ingresos (taxa pola prestación de servizos) non reflicte adecuadamente as devindicacións producidas segundo a Ordenanza fiscal nº 1.

Segundo se puido comprobar na análise da Liquidación do Orzamento, o importe dos dereitos recoñecidos netos imputados ao concepto 31900 (taxa pola prestación de servizos) foi de 55.751,99 euros sobre unhas previsións definitivas de 230.000 (21,26 por cento de execución). A baixa execución das previsións pode estar motivada no evidente retraso na liquidación das taxas, pois na última das relacións de liquidacións da taxa aprobada no mes de novembro de 2020 (Decreto 000254/2020), está referida a feitos impoñibles acaecidos en 2018 (partes de intervención con numeración de 2018).

Con respecto á xestión dos partes de intervención, a entidade auditada non lle facilitou en tempo oportuno a este auditor o acceso ao aplicativo informático no que se xestionan os partes de intervención, polo que non se puido coñecer en que medida se está a cumprir con disposto no artigo na Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa pola prestación de servizos contra incendios⁹.

Nos expedientes analizados en TEDeC non consta a existencia de informes xurídico-tributarios nos que se cualifique cada unha das intervencións de servizo e se determine cando se produce o feito impoñible da taxa, nos termos regulados no artigo 2º da Ordenanza fiscal, constituindo esta ausencia unha segunda limitación ao alcance deste traballo.

⁹ A clave de acceso foi remitida o día 25 de agosto de 2021, xa no período de prórroga extraordinaria para a presentación de alegacións ao informe provisional. Coa mesma púidose acceder ao aplicativo, comprobándose que a data de 7 de setembro de 2021 están rexistrados un total de 24.967 partes de intervención, dos que só están liquidados 10.461. Na mostraxe realizada non se atopou ningunha liquidación realizada con data de devindicación correspondente ao exercicio económico 2020.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

Por outra banda, non se ten constancia de que se teña aprobado nin executado un procedemento de control financeiro posterior para verificar a correcta aplicación da Ordenanza fiscal nº 1 con respecto ás liquidacións aprobadas ou, no seu caso, a posible existencia de feitos impositivos non liquidados no período de tempo no que se desenvolveu esta función¹⁰.

A ausencia da actividade liquidatoria pode derivar nun prexuízo dos créditos tributarios a prol da entidade, xerándose responsabilidade contable no caso de que se produza a prescrición de ditos dereitos pola inacción das persoas responsables da xestión tributaria e recadatoria.

4. A falla de regularización dos saldos dos conceptos non orzamentarios e das correspondentes contas do Activo corrente e do Pasivo corrente¹¹.

Analizados os conceptos non orzamentarios, tense comprobado que existen diversos saldos debedores e acredores a 31 de decembro que deberían ser obxecto de regularización antes de que rematase o exercicio, pois corresponden á contabilización de feitos ou circunstancias transitorias, ao non disporse nese momento de toda a información e coa finalidade de manter a conciliación dos saldos das contas de tesouraría co existente efectivamente en

¹⁰ Na Alegación nº 3 argúmentase que a Secretaría-intervención non dispón dos medios para a realización deste control financeiro posterior, solicitándose a colaboración e asistencia dende a Intervención da Deputación nesta tarefa. A este respecto, cómpre indicar que na Base 58ª das de Execución do Orzamento para o exercicio 2020, apartado 7º, dispónse que a fiscalización de gastos e ingresos do Consorcio corresponde á Secretaría-intervención de dito organismo, nos termos establecidos na lexislación de réxime local. En calquera caso, dita función de control financeiro poderá ser asumida polo órgano interventor da Corporación unha vez que os estatutos do Consorcio se adapten ás disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, cuxo artigo 121.1 impón que o persoal ao servizo dos consorcios terá que proceder exclusivamente das administracións públicas participantes, admitíndose só excepcionalmente a contratación de persoal propio en atención as funcións singulares a desenvolver.

¹¹ Esta advertencia sobre a falla de regularización de saldos non orzamentarios xa fora realizada no informe IRCIA emitido ao par do informe de auditoría sobre as contas anuais de 2020, de xeito que non pode aceptase a alegación da “*présa para o peche do exercicio*”, pois non houbo variación das datas establecidas legalmente para dito peche e a conseguinte rendición de contas.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

bancos e contas operativas, pero que non poden tornarse en asentos contables mantidos de xeito indefinido no tempo, pois esta situación supón o incumprimento do principio contable de imputación orzamentaria no seu aspecto temporal¹².

En concreto, os saldos a regularizar son os seguintes:

a) Debedores non orzamentarios:

- Pagos duplicados ou excesivos: 1.751,20.
- Pagos pendentes de aplicación: 2.118,84.
- Provisións para anticipos de caixa fixa pendentes de aprobación e imputación: 1.989,10. Sobre este importe debe incoarse expediente de reintegro, pois o saldo debedor inxustifico supón un alcance aos fondos públicos xerador de responsabilidade contable.

b) Acredores non orzamentarios:

- Acredores non orzamentarios por ingresos duplicados ou excesivos: 21.461,40
- Ingresos a investigar: 1.706,90
- Outros ingresos pendentes de aplicación: 35,485,69

¹² "As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións e gastos en xeral imputaranse ao orzamento no exercicio en que estes se realicen e con cargo aos respectivos créditos; os dereitos imputaranse ao orzamento do exercicio no que se recoñezan e liquiden" (párrafo segundo do punto 3º.2 da Primeira parte, Marco conceptual da contabilidade pública, do Plan xeral de contabilidade adaptado a administración local



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

Para dar esta opinión modificada desfavorábel, temos executado a auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente no Sector Público en España (NIA-ES-SP, aprobadas por Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019). As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense máis adiante na sección *“Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais”* do noso informe.

Somos independentes da entidade, de conformidade cos requirimentos de ética e de protección da independencia que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais para o Sector público en España¹³, segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión desfavorábel polas deficiencias ou eivas expresadas e as limitacións ao alcance na execución deste traballo.

IV. CUESTIÓN CLAVE DE AUDITORÍA.

As cuestións clave de auditoría son aquelas que, segundo o noso xuízo profesional, teñen sido de maior importancia ou alcance na nosa auditoría de contas anuais do período actual. Estas cuestións teñen sido tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre as mesmas, polo que non expresamos unha opinión por separado das mesmas.

¹³ A estes efectos, seguimos a Nota técnica 1/2018, da Oficina Nacional de Auditoría, tendo incorporado ao expediente un cuestionario debidamente cuberto polas dúas persoas que temos participado nos traballos.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Ademais das cuestións descritas na sección “3. *Fundamento de opinión desfavorábel*” temos resolto que a cuestión que se describe deseguido é unha cuestión clave de auditoría que se debe comunicar no noso informe.

Advertimos de que o cambio de modelo de xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento e a conseguinte subrogación do persoal contratado polas empresas concesionarias afecto a estas prestacións (punto 2º da sesión plenaria que tivo lugar o día 13 de setembro de 2019) pode supor que a entidade teña que facer fronte ás indemnizacións que se determinen nas sentenzas xudiciais firmes que decidan os preitos pendentes a data actual, así coma outros que se poideran presentar no momento en que se remate o proceso selectivo que ha de instruírse para a selección definitiva de persoal.

Existindo o risco exposto, non consta que a entidade teña dotado provisión ninguha para as posibles responsabilidades, de conformidade co previsto na Norma de Valoración 17ª da Terceira parte do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, ao existir unha obriga legal, que poidera ter como probable unha aplicación ou desprendemento de recursos, sobre os que aínda non podendo facerse unha estimación precisa, sí que podería facerse unha primeira estimación fiable, tomando en consideracións as pretensións presentadas nas demandas recibidas ata esta data.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

V. PÁRRAFO DE ÉNFASE.¹⁴

Temos que chamar a atención sobre a escasa capacidade da entidade para xerar os seus propios recursos e a súa excesiva dependencia do financiamento ordinario que recibe das dúas administracións que a integran (os cobros por transferencias supuxeron o 79,62 por cento dos dereitos recoñecidos netos no exercicio). Isto indica que as persoas e entidades beneficiarias do servizo son gravadas cunha taxa que acada só o 20 por cento do custo, recaendo o importe restante no conxunto das persoas contribuíntes.

Por outra banda, apréciase a inacción administrativa da entidade para executar os créditos para investimentos do capítulo 6º, constando só a adxudicación dun contrato de subministración por importe de 10.103,50 euros (Nota 22 da Memoria)¹⁵.

Dado que tanto a Comunidade autónoma coma a Deputación transfiren periódica e regulamente a súas achegas, a entidade liquidou o exercicio 2019 cun remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de de 5.319.917,50 euros, contía que foi utilizada totalmente para modificar á alza o orzamento inicial, destacando as modificacións para investimentos, que acadaron o importe de 5.429.747,97 euros (o exceso sobre o remanente utilizado foi financiado con baixas ou minoracións noutros capítulos). Con todo, os novos créditos dotados non chegaron a comprometerse, o que evidencia a falla de xestión administrativa- contractual da entidade.

¹⁴ Nesta sección tomamos en consideración a NIA-ES-SP 1706.

¹⁵ No escrito de alegacións manifestase que *“a contratación prevista dun técnico de administración xeral implicará o impulso decidido da contratación na entidade...”*. A este respecto, cómpre observar que segundo o disposto no artigo 14 dos Estatutos do Consorcio, o desenvolvemento da xestión económica e contratación correspóndelle á Presidencia do organismo e, segundo o disposto no artigo 16.2, letra f), de dito corpo normativo, a preparación dos expedientes de contratación de subministracións e obras correspóndelle á Xerencia.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

VI. OUTRAS CUESTIÓNS¹⁶.

Con data de 7 de agosto de 2020, esta Intervención emitiu un informe de auditoría sobre as contas anuais do exercicio 2019 (expediente 2020000017471), no que se expresou unha **opinión modificada con eivas**, que non foron corrixidas con posterioridade, nin reformuladas as contas anuais de dito exercicio. Tampouco que corrixiron ao longo do exercicio 2020, polo que a situación agora é reiterada e determina a emisión dun informe con opinión desfavorábel.

VII. OUTRA INFORMACIÓN.¹⁷

Este apartado do informe está referido á Memoria de custos e rendemento de servizos, á Memoria demostrativa do grao no que se cumpriron os obxectivos programados e aos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios que se detallan no apartado 25 da Memoria.

Cómpre advertir que a nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a información extracontable. A nosa responsabilidade sobre dita información que deriva da contabilidade, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a súa concordancia coas contas anuais, partindo do coñecemento da entidade que obtivemos na realización da auditoría e sen incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma.

¹⁶ Aplicamos a NIA-ES-SP- 1706 R e seguimos as indicacións e redacción proposta do apartado G) da Nota Técnica ONA 1/2020.

¹⁷ Aplicamos neste apartado o disposto na NIA-ES-SP-1720 R, responsabilidades do auditor con respecto a outra información.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Asemade, a nosa responsabilidade con respecto aos indicadores extracontables do Consorcio, como consecuencia do seu carácter de ente público adscrito á Deputación da Coruña, consiste en avaliar e informar respecto de seu contido é conforme coa normativa que resulta de aplicación. No caso de que, con fundamento no traballo realizado, concluímos que existen incorreccións, temos a obriga de poñelas de manifesto.

Sobre a base do traballo realizado, esta outra información extracontable vese afectada en canto a súa concordancia e contido polas cuestión que se sinalan no apartado de fundamento de opinión desfavorábel, téndose observado asemade as seguintes eivas:

- **Memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos:** o documento é unha mera explicación teórica do deseño dun sistema de custos na administración pública, sen que conteña ningún dato relativo ao custo de prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento prestado pola entidade auditada.
- **Memoria demostrativa do grao no que se teñen cumprido os obxectivos programados e do seu custe:** o documento resulta insuficiente e non cuantifica o aforro obtido desde que se xestiona directamente o servizo e comparar a cifra obtida coa estimada na memoria aprobada polo pleno da entidade para o cambio do modelo de xestión.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

Por outra banda, temos observado que para a cuantificación de determinados indicadores de xestión financeira, patrimonial e orzamentaria que figuran no apartado 25 da Memoria, tomouse en consideración a poboación total da Provincia da Coruña, sendo non toda ela destinataria do servizo, considerándose máis axeitado utilizar o sumatorio da poboación dos concellos nos que a entidade auditada presta o servizo de loita contra incendios e salvamento¹⁸.

VIII. RESPONSABILIDADE DO CONTADANTE (TITULAR DA PRESIDENCIA) EN RELACIÓN ÁS CONTAS ANUAIS⁸.

De conformidade co disposto no artigo 14^o.19 dos Estatutos da entidade, a Presidencia é responsable de formular as contas anuais que se achegan, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a un consorcio adscrito a unha entidade local en España¹⁹, e de control interno establecidas¹⁰ para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou a erro.

¹⁸ Ao respecto desta consideración, no escrito de alegacións invócase unha indicación do Servizo de Contabilidade para establecer necesariamente a mesma cifra de poboación que a que utiliza a propia Deputación provincial. O funcionario auditor non coñece ningunha norma ou resolución que impoña tal coincidencia no tocante a cifra poboacional (si con respecto a data de aprobación, dado que é única), que desvirtuaría a realidade material de que o servizo de extinción de incendios e salvamento non se presta a toda a poboación provincial, dado que os concellos das tres cidades máis poboadas da Provincia xa contan co seu propio servizo municipal.

¹⁹ Capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público e Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo normal de Contabilidade local.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento²⁰, revelando, segundo proceda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento, agás no caso de que o órgano de xestión tivese intención ou obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

IX. RESPONSABILIDADE DO FUNCIONARIO AUDITOR.

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libre de incorrección material, debida ao fraude ou ao erro, e emitir un informe de auditoría que conteña a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e han de considerarse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman basándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector público en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantivemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda auditoría.

²⁰ A data de hoxe non consta que o titular da Presidencia teña asinado a “**Carta de manifestacións**” na que asume a súa responsabilidade sobre o contido das contas anuais e a correcta valoración do principio de empresa en funcionamento. Dito documento foille remitido o día 2 de xullo de 2021, xuntamente co informe provisional.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Asemade:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría²¹ para facer fronte a ditos riscos e obtivemos evidencia de auditoría suficiente para proporcionar un fundamento da nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida ao fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, pois o fraude pode conlevar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erradas ou a elusión do control interno.
- Obtivemos coñecemento do control interno²² relevante para a auditoría co fin de diseñar procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia co control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contábeis aplicadas son axeitadas e a razoabilidade das estimacións contábeis e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.
- Concluimos que é axeitada a utilización, polo órgano de xestión, do principio contábel de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos que non existe unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poideran xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría;

²¹ Utilizamos fundamentalmente procedementos analíticos da información que nos foi posta a nosa disposición, conforme ao previsto na NIA-ES-SP- 1520.

²² O sistema de control interno foi evaluado no documento de planificación da auditoría, tendo en conta o coñecemento da entidade e a experiencia acadada na auditoría realizada sobre as contas anuais de 2019.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

con todo, feitos ou condicións futuros poderán ser a causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída na información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun xeito que consiguen expresar a imaxe fiel.
- Comunicámonos coa Presidencia da entidade en relación co alcance e o momento de realizar a auditoría planificada e os elementos relevantes da auditoría, así coma sobre calquera deficiencia significativa de control interno, que temos identificado no transcurso da auditoría²³.
- Entre as cuestións que foron obxecto de comunicación ao órgano de goberno da entidade, determinamos as que teñen maior importancia na auditoría do período actual e, en consecuencia, as cuestións clave de auditoría.
- A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre outra información extracontable.

X. INFORME SOBRE OUTROS REQUISITOS LEGAIS E REGULAMENTARIOS.

Co alcance previsto na nosa auditoría de contas, temos revisado o cumprimento da legalidade con respecto á xestión económico-financieira da entidade durante o exercicio 2020. De dita revisión, temos observado os seguintes incumprimentos legais e regulamentarios:

²³ Con tal finalidade, foi notificada o documento TDA, termos de inicio de auditoría, no momento de inicio dos traballos. Asemade, na execución dos traballos, foron comunicados mediante dilixencia estendida para o efecto, que foi cursada a través do SIR, aqueles datos ou circunstancias significativas que ían a afectar a opinión modificada e desfavorable contida neste informe. En síntese, procurouse cumprir co disposto na NIA-ES-SP-1260-R.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

- Por resolución da Presidencia, ditada o 30 de decembro de 2020, tense aprobado o pagamento de remuneracións por asistencias ás persoas que forman parte dos órganos colexiados da entidade, agás ao persoal que forma parte da propia entidade, por un importe de 5.738,00 euros, aplicados sobre a aplicación orzamentaria 912.230.00, consumindo crédito a nivel de vinculación xurídica, pois a partida só dispoñía dun crédito inicial de 500 euros. Sobre a procedencia destes pagamentos, non consta que dende o inicio do actual mandato 2019-2023 se teña adoptado o acordo que esixe o artigo 75.3 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, nin publicado o mesmo (art. 75.5); no entanto, a Base 49ª das de execución do orzamento recolle e regula o réxime destas percepcións segundo o acordo polo Pleno do Consorcio nas sesión de 6 de xullo de 2004 e 7 de xullo de 2010.
- Na xestión dos mantementos e servizos estase a relizar o pagamento de facturas ou, no seu caso, a utilizar o procedemento do contrato menor para a contratación da meirande parte das prestacións. Urxe, xa que logo, a tramitación de expedientes de contratación polo procedemento ordinario (artigo 131.2 da dedandita Lei), de xeito que se cumpla cos principios de publicidade, concorrencia e liberdade de acceso ás licitacións que esixe dita Lei en transposición das directivas comunitarias sobre contratación pública²⁴.

²⁴ Con respecto a esta observación crítica e recomendación, no escrito de alegacións de novo se insiste en que a contratación dun técnico permitirá reducir a contratación menor, reiterándose como contestación que o impulso dos expedientes de contratación correspóndelle á Presidencia, debendo a Xerencia preparar os expedientes para tal fin. A crítica da contratación menor está referida sobre todo ás prestacións de tracto sucesivo, cuxo importe acumulado supera claramente o importe do contrato menor, admitíndose a utilización de contrato menor para prestacións de carácter illado que non superan os importes previstos na normativa contractual citada.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

- No tocante á xestión do persoal de intervención, lémbrese que xa na Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, financeiros e técnicos sobre a xestión do servizo, aprobada definitivamente polo pleno na sesión de 13 de setembro de 2020, se advertía claramente que o persoal de intervención tiña que ser subrogado na condición de persoal laboral indefinido non fixo e que, unha vez aprobada unha nova Relación de postos de traballo, debería aprobarse a oferta de emprego público correspondente e proceder a realizar o procedemento selectivo correspondente para a cobertura definitiva de ditos postos de traballo, con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Unha vez aprobada a nova Relación de postos de traballo, non consta que se teña aprobado a oferta de emprego público correspondente nin tampouco o inicio de procedemento selectivo ningún con respecto ao persoal de intervención²⁵.

A Coruña, 10 de setembro de 2021,

Asdo. Electrónicamente por Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

Conforme,

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.

²⁵ Ao fío desta observación crítica, no escrito de alegacións manifestase que a Relación de postos de traballo ten que ser obxecto de revisión por ter “unha serie de carencias que se considera deben ser emendadas”. A este respecto, non se atopou no TEDeC o expediente no que se estea a tramitar a modificación da RPT no que conste o informe no que se analicen as referidas carencias.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN:

O presente informe emítase con carácter **DEFINITIVO e deberá notificarse á PRESIDENCIA DO CONSORCIO**, co fin de que se incorpore ao expediente de aprobación da Conta xeral do exercicio 2020 que se está a tramitar e, como anexo da mesma, se remita aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.